



## CONCELLO DE NARÓN

### Datos Do Expediente:

|   |            |            |
|---|------------|------------|
| PROCEDEMENTO NEGOCIADO                        |            |            |
| Unidade Tramitadora:                          |            |            |
| Contratacion e Obras Publicas - IMG           |            |            |
| Número expediente:                            | Documento: | Data:      |
| CON/71/2012                                   | CONWI0IJ   | 16-10-2012 |
| 5B6F2F4U39052V4B0Y81                          |            |            |
| 2 5 B 6 F 2 F 4 U 3 9 0 5 2 V 4 B 0 Y 8 1 £ » |            |            |
| 2 5 B 6 F 2 F 4 U 3 9 0 5 2 V 4 B 0 Y 8 1 £ » |            |            |

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA "D" DO POLÍGONO INDUSTRIAL DAS LAGOAS MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, FINANCIADA POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO DO GOBERNO DE ESPAÑA, DENTRO DAS AXUDAS A REINDUSTRIALIZACIÓN DO ANO 2.012

### 1.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a realización das obras de urbanización da rúa "D" no polígono industrial de As Lagoas. Mediante a execución do contrato a que se refire este prego satisfácese a necesidade de ordenar a edificación dun polígono industrial nado da construción indiscriminada de naves industriais nun terreo, non produtivo e barato ao non existir tampouco presión urbanística naqueles anos.

### 2.-NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de obra, recollido e regulado no artigo 6 do TRLCSP, co obxecto indicado na primeira cláusula. Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

Ademáis deste prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- Proxecto técnico da obra que conterá
  - Prego de prescricións técnicas.
  - Planos.
  - Memoria do proxecto.
  - Programa de traballo incluído no proxecto da obra.
  - Cadros de prezos.
  - E os que no seu caso presente o adxudicatario



## CONCELLO DE NARÓN

---

- Documento no que se formalice o contrato.

### 3.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Segundo o estipulado no apartado 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o órgano de contratación será o Alcalde, que actuará en nome do Concello de Narón.

Será o órgano de contratación o facultado para adxudicar o contrato e como consecuencia, ten a facultade de interpretalo, modificalo por razóns de interese público, resolvelo e determinar os efectos desta resolución con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que se adopten en referencia aos aspectos sinalados, serán executivos sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación en vía xudicial.

### 4. PREZO DO CONTRATO

O valor do contrato é de 202.274,77 euros mais o 21% de IVE 42.477,70 euros, polo que o orzamento máximo de licitación ascende á cantidade de 244.752,47 € (dous centos corenta e catro mil setecentos cincuenta e dous euros con corenta e sete céntimos),

Faise contar a existencia de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 1550161900 e 1550160900 do vixente orzamento xeral por importe de 244.752,47 euros

Faise constar que en virtude do artigo 89 do TRLCSP este contrato non está suxeito a revisión de prezos.

### 5. PRAZO DE EXECUCIÓN

As obras obxecto deste contrato executaranse nun prazo máximo de catro meses contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación da reformulación da obra.

### 6.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

Este contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP. Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económico-financieira e técnica. Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato. Para isto, e de conformidade co artigo 64 do TRLCSP esíxese que os licitadores presenten o compromiso de adscribir á execución do contrato persoal e material suficiente para a execución do contrato. O adxudicatario deberá acreditar posteriormente a adscripción ao contrato do persoal e o material incluídos na documentación presentada na súa oferta.

### 7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios que servirán de base para a adxudicación do contrato relacionados por orde decrecente de importancia e con arranxo a seguinte ponderación, son:

Criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes



## CONCELLO DE NARÓN

---

Oferta económica - 50 pts

A valoración das ofertas realizarase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$P= 50 \times \text{Oferta a valorar} / \text{Oferta máis baixa}$$

Cando o órgano de Contratación presuma fundamentamente que a proposición non se poida cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as devanditas ofertas, achegando a documentación correspondente. As xustificacións presentadas remitiranse aos servizos técnicos para o seu informe.

Considérase, en principio desproporcionada ou anormal as ofertas que se achan nos seguintes supostos:

- Un so licitador – Cando a súa oferta sexa inferior en 25 puntos porcentuais á base de licitación.
- Dous licitadores – A que sexa inferior en máis de 20 puntos porcentuais a outra oferta
- Tres licitadores ou máis – Aquelas cuxa proposición sexa inferior en 10 puntos porcentuais a media aritmética das ofertas presentadas.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ao anormal da oferta en función da documentación que presente o adxudicatario non trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- Axeitada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.

2º.- Volume de obra xa contratado, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador

3º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

Criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes

Programa de traballo - 21 pts

Memoria construtiva - 20 pts

Plan de control de execución da obra – 9 pts

Valoración dos criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes

Programa de traballo.

As ofertas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades a realizar en cada prazo, de acordo co prazo proposto. Deberá conter:

- a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos.
- b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos do proxecto, axustado ao prazo proposto. As empresas que presenten gráficos do que se poida deducir directa ou indirectamente o impoeste das súas propostas económicas, ficarán excluídas da licitación.

Valorarase a congruencia da planificación da obra cos equipos materiais e humanos adscritos a



## CONCELLO DE NARÓN

---

cada unha das actividades descritas na memoria que xustifiquen o prazo de execución e os prazos parciais previstos. Así como a redución do prazo proposta

### Memoria Construtiva

Puntuarase a xustificación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos, a súa coherencia, o bo coñecemento que amose do proxecto e máis do terreo onde será executada a obra e doutros condicionantes externos, coñecemento do proxecto, así como a garantía das subministracións dos materiais. Esta memoria será un documento aparte, distinto da prevista para o programa de traballo.

O licitador que resulte finalmente adxudicatario das obras, non poderá durante a execución das mesmas presentar reclamacións económicas ou de calquera outro tipo, por aspectos relacionados cos estas, das que non se puxera de manifesto a súa desconformidade razoada nesta memoria.

A memoria conterá:

- Concepción global da obra.
- Descrición de todas as actividades importantes ou complexas e dos procesos construtivos propostos.
- Análise do proxecto
- Análises dos condicionantes externos e dos climatolóxicos
- Relación das unidades ou partes da obra que realizará baixo subcontratación.

Todo nun máximo de dez folios

### Plan de control de execución da obra

As ofertas deberán presentar o compromiso escrito de gastar ata un máximo do 3% do importe de adxudicación para contratar un plan de control da execución da obra cunha ou vaias empresas non vinculadas á empresa licitadora.

A devandita porcentaxe será independente do 1% fixado para gastos de ensaio e análises de materiais. O Plan de control terá por obxecto garantir que os materiais cumpren as especificacións do proxecto, que as unidades están executadas e reúnen as características técnicas esixidas e que os equipamentos e instalacións cumpren coa normativa que lle sexa de aplicación.

Para xustificar o cumprimento desta obriga, a empresa que estea proposta como adxudicataria deberá presentar, no prazo de 10 días hábiles dende a data de recepción do correspondente requirimento, o plan de control da obra así como copia do contrato asinado coa empresa de control polo importe resultante de aplicar a porcentaxe ofrecida ao importe de adxudicación. O incumprimento destas obrigas dará lugar a non adxudicación do contrato á empresa proposta.

Outorgaranse 3 puntos por cada un por cen do prezo de adxudicación que dedique ao control da obra.

## 8.- GARANTÍAS

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisoria. O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no



## CONCELLO DE NARÓN

---

prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas. As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP.

### 9.- ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

En virtude do artigo 142 do TRLCSP, publicarase anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia o e no perfil do contratante. Tendo en conta que o órgano de contratación aprobou unha declaración de urxencia do procedemento, o prazo de presentación será de 13 días.

### 9.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en TRES sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras "A" Documentación administrativa, "B" Criterios non avaliábeis en cifras ou porcentaxes e "C" Oferta económica. Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula anterior máis no anuncio de licitación, no Rexistro Xeral deste Concello, en horario das 8,30 ás 13,30 horas de luns a venres e de 9 ás 13 horas os sábados ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en festivo prorrogárase ó seguinte día hábil. Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama, correo electrónico ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

### 10.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, CRITERIOS TÉCNICOS E PROPOSTA ECONÓMICA

Sobre denominado A -DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA -conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

#### 1.-Acreditativos da personalidade e capacidade do licitador, que serán:

- a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI.
- b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable. Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

#### 2.-Acreditativos da extensión das facultades do representante ou apoderado:

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa



## CONCELLO DE NARÓN

---

xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil. Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o devandito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado polo Secretario do Concello. Para isto, presentarase orixinal e fotocopia nas oficinas de Secretaría, en horario de oficina

### **3.-Declaración responsable do licitador**

Os licitadores presentarán unha declaración na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial. O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

### **4.-Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas**

A presentación da alta será completada cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de estar exentos do pago deste imposto e da causa desta exención.

### **5.-Acreditación da solvencia económica financeira e técnica**

Acreditarase a solvencia necesaria mediante presentación de documentación que acredite estar clasificado no grupo G viais e pistas ou mediante a presentación de:

#### Solvencia económica financeira:

O licitador deberá presentar unha declaración sobre o volume global de negocios e no seu caso sobre volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de comezo das actividades do empresario, na medida na que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios

#### Solvencia técnica

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avaliada polos certificados de boa execución para las obras más importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas



## CONCELLO DE NARÓN

---

e o lugar de execución das obras e se precisará se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo remate; no seu caso, os anteditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente

e) Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro primeiros apartados os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Excma. Deputación da Coruña. Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha declaración responsable na que se manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

6.-Declaración responsable da non existencia de empresas vinculadas co licitador ou, se é o caso, da relación de empresas vinculadas con el (artigo 145 do TRLCSP)

7.-Compromiso asinado polo licitador de adscrición dos medios persoais e materiais necesarios para a execución do contrato

8.-No caso de que as propostas fosen presentadas por empresas estranxeiras, ademais da documentación anterior, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

-Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

-Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Excepción deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 55 do TRLCSP)

-Acreditación de ter aberta sucursal en España con designación de apoderados ou representantes e inscritas no Rexistro Mercantil, En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato. Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán. Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo Secretario Xeral do Concello.



## CONCELLO DE NARÓN

---

Sobre B denominado criterios non avaliábles en cifras ou porcentaxes.

Este sobre conterá a documentación esixida na cláusula 7 deste prego de condicións administrativas particulares e toda aquela que o licitador desexe presentar en relación cos criterios, nesta cláusula expostos.

A inclusión de calquera dato do que se poida deducir a oferta económica, contida no sobre "C", dará lugar a inadmisión da oferta presentada.

O sobre C Oferta económica

Proposición económica e relativa a criterios avaliábles automaticamente, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don ....., con domicilio en ..... e DNI número ....., expedido o ....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ....., con DNI ou CIF número ....., fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para as obras de "URBANIZACIÓN DA RÚA "D", no Polígono Industrial de As Lagoas"

b) Que se compromete á execución do contrato conforme a seguinte oferta: -Un prezo de ..... euros máis un IVE (...%) de ..... euros, resultando un total de ..... euros IVE incluído, do que resulta unha baixa de ....% sobre o prezo de licitación.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.  
(Lugar, data e sinatura)

### 11. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 320 así como na disposición adicional segunda do TRLCSP, a Mesa de Contratación estará integrada por:

**PRESIDENTE:**

Sr Alcalde-Presidente

**VOGAIS:**

-O Concelleiro Delegado da Área de Obras Municipais.

-Secretario Xeral do Concello

- Interventor Accidental do Concello.

- Arquitecto Técnico

**SECRETARIO:** O Xefe de Sección de Contratación ou funcionario deste servizo que o substitúa.

Os licitadores serán convocados mediante inserción de anuncio no perfil do contratante, ao acto de apertura dos sobres "B" Criterios non avaliábles en cifras ou porcentaxes, no anuncio indicárase lugar data e hora, no que se celebrará o acto.





## CONCELLO DE NARÓN

---

### 12.-. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de déz días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente e, de ser o caso, copia do contrato coa empresa que de control de calidade.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas. O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

### 13.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato. Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación da garantía definitiva. Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

### 14.- COMPROBACIÓN DO REFORMULO.

Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a UN MES dende a data da súa formalización, o director das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo, feito previamente á licitación estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano que celebrou o contrato. No poderá iniciarse a obra sen a previa aprobación do Plan de Seguridade e Saúde en virtude do real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. A tal efecto e no prazo máximo de quince días naturais dende a formalización do contrato o contratista presentará ante o Concello de Narón o plan de seguridade e saúde que se pasará a informe do coordinador durante un prazo de sete días naturais. En todo caso o prazo máximo para a aprobación do plan será de un mes dende a sinatura do contrato.

### 15.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no proxecto técnico aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación



## CONCELLO DE NARÓN

---

técnica deste dera ó contratista a Dirección facultativa así como o responsable do contrato (o arquitecto municipal) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP ademais das propias da dirección facultativa nos contratos de obras previstas na dita Lei. Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 219 do TRLCSP así como polo disposto no título V do Libro I (artigos 105 a 108) do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227 do TRCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.

### 16.- SUBCONTRATACION

De conformidade co artigo 227 do TRLCSP a empresa contratista non poderá subcontratar prestacións parciais con terceiros que superen o 50% do importe de adxudicación IVE incluído. O licitador deberá indicar na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto contratar, sinalando o importe, o nome e perfil empresarial definido por referencia ás súas condicións de solvencia profesional ou técnicas. En todo caso o contratista deberá comunicar anticipadamente e por escrito ó Concello de Narón a súa intención de celebrar subcontratos o seu importe e indentidade do subcontratista. A falta de comunicación da celebración de subcontratos así como a infracción dos requisitos establecidos no artigo 227.2 do TRLCSP dará lugar a la imposición de penalidade del 50% del importe del subcontrato.

### 17.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCION

Co obxecto de promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral (en situación legal de desemprego ou en mellora de emprego) e de conformidade co artigo 118 do TRLCSP sinálanse como condicións especiais de execución do contrato a obriga de contratar ou subcontratar, por un tempo mínimo igual ao 50% do prazo de execución, traballadores dos seguintes colectivos:

1. Alumnas/os procedentes dos diversos curso de formación ocupacional impartidos polo Concello de Narón.
2. Parados de longa duración, inscritos en calquera das oficinas de emprego da comarca.

### 18.- GASTOS. CARTEL ANUNCIADOR.

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, (500 euros aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario. Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións para a ocupación do dominio público e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.



## CONCELLO DE NARÓN

---

Deberá colocarse un cartel anunciador onde figuren os datos da obra (denominación, orzamento, orzamento de adxudicación...), o Concello de Narón e a financiación da obra polo Ministerio de Industria dentro do Plan de axudas actuacións de reindustrialización

### 19.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS

-O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

-O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo. A Lei 31/95, de prevención de riscos laborais, o R.d. 39/97 que aproba o Regulamento dos servizos de prevención, a normativa concordante e complementaria que a desenvolve e especificamente o R.d. 1627/97, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.



### 20.- RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Concello de Narón, axustándose estritamente a este prego, á memoria técnica e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP e nestes pregos en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta. O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Concello de Narón. Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, **presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil** para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Concello de Narón. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

### 21.- RECEPCIÓN E PAGAMENTO

Ó remate das obras subscribirase a oportuna acta de recepción, sendo o período de garantía, como mínimo DUN ANO contado a partir da data da sinalada acta. A garantía definitiva non será devolta ata que remate o prazo de garantía establecido. Ó tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

-O despexe final das obras, debendo o contratista restituír á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.

-O cumprimento non defectuoso do contrato.

-O cumprimento das condicións especiais de execución. O pagamento efectuarase mediante facturas mensuais, unha vez emitidas a correspondentes certificacións polo Director facultativo e que serán comprobadas polos servizos municipais e mais o Concelleiro delegado da área de Obras municipais. Ós efectos sinalados no artigo 218 do TRLCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

### 22.- PENALIDADES

O contratista queda obrigado ao cumprimento do contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización segundo a oferta realizada

O documento contractual poderá incluír penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das obrigacións esenciais de execución do contrato que se estableceron conforme ao artigo 118.1 do TRLCSP. Estas penalidades serán proporcionais coa gravidade do incumprimento, e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

A constitución en mora polo contratista non precisará intimación previa por parte do Concello. Se chegado ao remate de calquera dos prazos parciais ou do final, o contratista houbese incorrido en mora por causas imputables ao mesmo, o Concello poderá optar indistintamente, na forma e condicións establecidas no artigo 212 do TRLCSP, pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva ou pola imposición das penalidades establecidas no citado artigo.

O importe das penalidades non exclúe a indemnización a que puidese ter dereito a Concello de Narón polos danos e prexuízos orixinados pola demora do contratista.



Se o atraso fóra por motivos non imputables ao contratista estarase ao disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.

O contratista queda obrigado ao cumprimento do contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización no APARTADO 6 do Cadro-Resumo, así como dos prazos parciais sinalados en devandito apartado.

O documento contractual poderá incluír penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das obrigacións esenciais de execución do contrato que se estableceron conforme aos artigos 53.2 e 102.1 da LCSP. Estas penalidades serán proporcionais coa gravidade do incumprimento, e o súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

A constitución en mora polo contratista non precisará intimación previa por parte do Concello. Se chegado ao remate de calquera dos prazos parciais ou do final, o contratista houbese incorrido en mora por causas imputables ao mesmo, o Concello poderá optar indistintamente, na forma e condicións establecidas no artigo 196 da LCSP, pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva ou pola imposición das penalidades establecidas no citado artigo.

No caso de que o contrato incluíse cláusula de revisión de prezos e o incumprimento do prazo fose imputable ao contratista, procederase na forma e nos termos previstos no artigo 81 da LCSP. O importe das penalidades non exclúe a indemnización a que puidese ter dereito a Concello de Narón polos danos e prexuízos orixinados pola demora do contratista.

Se o atraso fóra por motivos non imputables ao contratista estarase ao disposto no artigo 197.2 da LCSP.

## 23. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das estipulacións contidas no prego de cláusulas administrativas, no prego de prescricións técnicas do proxecto e nos documentos que teñen carácter contractual que se sinalan na cláusula segunda, incluído o incumprimento do prazo total ou dos prazos parciais do proxecto de obra.

Aos efectos do artigo 223.f), considéranse obrigas contractuais esenciais cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo novena destes pregos.

Asimesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Aos efectos do artigo 223.h) do TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato. A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224, 225 e 239 do TRLCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, no seu caso, por los danos e prexuízos causados, no que excedan do importe da garantía definitiva.

## 24.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan



susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no devandito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto perante o órgano de contratación, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo.

## CADRO RESUME

|  |
|--|
| <p>A) OBXECTO<br/>ADXUDICACIÓN mediante procedemento aberto das obras descritas no Proxecto de urbanización da rúa "D" no Polígono Industrial de As Lagoas</p> <p>A') ENTIDADE CONVOCANTE, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN<br/>Convocado polo Concello de Narón<br/>Forma de ADXUDICACIÓN: Procedemento aberto<br/>Tramitación : urxente</p>   |
| <p>B) ORZAMENTO DE LICITACION MAXIMO<br/>Orzamento de licitación 202.274,77 €<br/>Iva: 42.477,70 €<br/>TOTAL: 244.752.47 € (seguridade e saúde, gastos xerais, beneficio industrial e IVE incluído),</p> <p>B') VALOR ESTIMADO DO CONTRATO<br/>Aos efectos do establecido no artigo 88 do TRLCSP, o valor estimado do contrato, IVE excluído, é o seguinte:<br/>Orzamento de licitación 202.274,77 €<br/>Prórrogas: 0<br/>Modificacións: 0<br/>TOTAL: 202.274,77 €</p>   |
| <p>C) FINANCIACION<br/>Aplicacións 1550161900 e 1550160900</p>   |
| <p>D) REVISION DE PRECIOS<br/>Non procede</p>  |
| <p>E) DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA SOLVENCIA ECONOMICA, FINANCEIRA E TECNICA DO LICITADOR</p> <p><u>Solvencia económica financeira:</u><br/>O licitador deberá presentar unha declaración sobre o volume global de negocios e no seu caso sobre volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de comezo das actividades do empresario, na medida na que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios</p> <p><u>Solvencia técnica</u><br/>Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avaliada polos certificados de boa execución para las obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e se precisará se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo remate; no seu caso, os anteditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente</p> |
| <p>F) CLASIFICACION DO CONTRATISTA<br/>Non se esixe</p>  |
| <p>G) DOCUMENTACION REFERENCIAS TECNICAS<br/>As que figuran no Proxecto.</p>   |
| <p>H) VARIANTES<br/>Non se admiten</p>   |
| <p>I) PRAZO DE PRESENTACION DE PROPOSICIÓNES<br/>13 días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación no Boletín Oficial de A Coruña. Si o último día coincidise en sábado ou día festivo, este trasladaríase ao día hábil seguinte.<br/>Horario: de 8:30 h a 13:00 horas.</p>   |



|  |
|--|
| <b>X) LUGAR E DATA DE APERTURA DE PROPOSICIÓNS</b><br>Lugar: Concello de Narón, Praza de Galicia,1<br>♦ Acto público para a apertura da documentación técnica relativa aos criterios de valoración cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor: a apertura pública da documentación técnica sobre os criterios de ADXUDICACIÓN que requiren para a súa valoración do emprego de xuízos de valor (os de valoración non automática) será comunicado aos licitadores por vía telefónica e publicado no perfil do contratante.<br>♦ Acto público para a apertura pública de proposicións económicas e doutros criterios de valoración de aplicación automática: a apertura pública das proposicións económicas e doutros criterios cuxa valoración non requiren de xuízo de valor algún (os de mera aplicación automática ou de formulas matemáticas). Será comunicado aos licitadores por vía telefónica e publicado no perfil do contratante |
| <b>K) CRITERIOS DE ADXUDICACION DO CONCURSO</b><br>Os establecido na cláusula 7 deste prego de condicións  |
| <b>L) PRAZO DE EXECUCIÓN</b><br>4 meses a contar desde a data de comprobación da reformulación.  |
| <b>M) PRAZO DE GARANTIA</b><br>1 ano a contar desde a recepción da obras   |
| <b>N) LIMITE MAXIMO GASTOS DE ANUNCIOS</b><br>600 €  |
| <b>O) RESPONSABLE DO CONTRATO</b>  |
| <b>P) GARANTIA PROVISORIA</b><br>Non se esixe  |
| <b>Q) MODIFICACIÓNS DO CONTRATO</b><br>Procede: NON  |
| <b>R) SEGUROS A CONTRATAR POLO ADXUDICATARIO: Responsabilidade Civil</b><br><br>O adxudicatario contratará e manterá a súa costa durante o período de construción e o prazo de garantía do contrato as pólizas de seguro seguintes<br>1. Seguro de todo Risco de Construción<br>Quedarán asegurada toda perda ou dano que resulte dunha causa cuxo orixe atopar no período de construción, así como a que se ocasiona nesta etapa ou posteriores como consecuencia da execución de traballos levados a cabo co fin de dar correcto cumprimento ás obrigacións estipuladas no contrato de obras.<br>A suma asegurada deberá ser igual como mínimo, ao valor da obra.<br><br>2. Seguro de responsabilidade civil, nas súas vertentes xeral, de explotación, patronal, cruzada e de traballos terminados incluíndo como asegurado ao contratista, ao Concello de Narón, e ao subcontratista, no seu caso.                                     |
| <b>R) PENALIDADES</b><br><b>S) PERFIL DE CONTRATANTE</b><br><a href="http://www.naron.es">www.naron.es</a>   |





## DESIGNACIÓN DE MEDIO PREFERENTE DE RECEPCIÓN DAS NOTIFICACIONES

D. .... maior de idade, con DNI nº ....., en nome propio /ou en representación da empresa/s ..... mediante a presente, designo a efectos do disposto no art. 59 da L.R.X.A.P. e P.A.C. como medio preferente para a recepción de calquera notificación que o Concello deba realizar con motivo da presente licitación o seguinte:

|                      |  |
|----------------------|--|
| Enderezo Electrónico |  |
|----------------------|--|

Así mesmo indícanse os seguintes datos de interese:

Teléfono/s de contacto: .....

Fax: .....

Dirección postal: .....

(Empresas) - Cif da empresa/s: .....

(Persoas físicas) - DNI do licitador:.....

Nota: Ao efecto de dar maior axilidade ás notificacións recoméndase designar o correo electrónico da empresa ou persoa licitadora, o cal sería plenamente válido a efecto de notificacións por ser este o medio sinalado polo propio licitador.

De non efectuar esta designación, procederase a través do servizo de notificación ou correo postal no Domicilio indicado.

Non obstante os interesados poderán solicitar no seu caso, efectúese unha notificación adicional á do correo electrónico, por correo postal, sen que quede desvirtuada a validez da efectuada polo medio elixido polos mesmos.

En ..... a ..... de 201.

Asdo.